

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP EN APOIO AO ACORDO POLA MELLORA DA SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL DE GALICIA**

O coidado da saúde mental ven despertando unha crecente preocupación entre a poboación nos últimos anos. A pandemia da COVID-19 revelou algúns problemas estruturais existentes no sistema socio-sanitario e axudou a visibilizar as consecuencias que ten descoidar este apartado da saúde, que tan gravemente afectan á infancia e á mocidade. As entidades locais de Galicia son particularmente conscientes desta situación, ao teren que enfrontarse a diario, dende os seus servizos sociais, ás situacións que se derivan da falta de prevención.

Entidades internacionais como a OMS e UNICEF alertan sobre os graves efectos que pode ter desatender os problemas de saúde mental, e recoñecen a necesidade de promover unha abordaxe destas problemáticas de xeito consensuado e multilateral dende as institucións, para redobrar os esforzos na súa prevención. A sensibilidade da poboación galega cara estas cuestións deu como resultado numerosas iniciativas sociais dirixidas a demandar unha mellora nos servizos e a promover os consensos institucionais e profesionais necesarios para conseguila. Entre elas atópase o **Acordo pola mellora da Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Galicia**, promovido pola Fundación Salma, froito da colaboración entre asociacións e profesionais dos sectores socio-educativo e sanitario, á que xa se teñen sumado numerosos concellos galegos.

O Acordo pola mellora da Saúde Mental Infanto-Xuvenil parte da detección de problemáticas e necesidades compartidas neste eido, e propón posibles actuacións a implementar para solucionarlas. Busca ser a semente para un consenso en torno á atención e prevención dos problemas de saúde mental na nosa comunidade. No espírito do acordo está achegar estas decisións ao eido local, máis próximo ás consecuencias reais dos problemas, para que os concellos de Galicia poidan incorporarse a un debate colectivo sobre como mellorar o noso sistema de atención e coidado da saúde mental e adaptalo ás necesidades das nosas nenas, nenos e adolescentes.

Por todo isto, a Federación Galega de Municipios e Provincias decide:

- **SUMARSE** á reivindicación da OMS para “**facer da saúde mental unha prioridade**”.
- **ADHERIRSE** ao [Acordo pola mellora da Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Galicia](#), e sumar o seu apoio para dalo a coñecer entre a poboación, e fomentar o consenso social preciso que dote de continuidade no tempo ás melloras.
- **RECOÑECER** a necesidade de **traballar, dende as institucións, na mellora do sistema de coidados da saúde mental da infancia e da adolescencia**, abordando problemas estruturais como o déficit de profesionais, a falta de programas preventivos, a distribución desigual dos servizos no territorio ou as dificultades de coordinación das unidades especializadas cos servizos locais de proximidade (centros de atención primaria, centros escolares, e puntos de atención social dos concellos).